

UNHA NOVA EXPERIENCIA DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA REALIZADOS POLOS ESTUDANTES

YEBRA FERRO, Miguel A.
IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia)

MEMBIELA IGLESIA, Pedro
Universidade de Vigo - Ourense

INTRODUCCIÓN

Xa van doce anos que un de nós dedica boa parte do seu traballo como profesor de Física e Química a realizar traballos de investigación con alumnos reunidos en pequeno grupo. Nesta ocasión pretendemos contar a experiencia levada a cabo nun novo IES, o Lagoa de Antela de Xinzo da Limia, ao que un de nos chegou despois de nove anos traballando no IES Castro de Baroncelli de Verín. O que queremos é contar o que fixemos no curso académico 2009-2010 e recoller a experiencia do profesor que guía e dirixe os devanditos traballos de investigación.

COMO SE FIXERON NO CURSO 2009-2010 OS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA

Seguindo un proceso similar ao de cursos anteriores os traballos de investigación

TÍTULO	Curso	Centro
Que abono caseiro é mellor para as plantas?	3º ESO Diversificación	IES Lagoa de Antela
Pode un roedor ser unha fonte de enerxía?	3º ESO Diversificación	IES Lagoa de Antela
É verdade que os descoidos causan tanto incendios?	3º ESO Diversificación	IES Lagoa de Antela
É a Lei de Murphy unha verdadeira lei?	3º ESO B	IES Lagoa de Antela
Que tipo de turbina é máis eficiente?	4º ESO	IES Castro de Baroncelli

Investigacións feitas dende mediados de Outubro do 2009 ata finais de Abril do 2010.

NOVIDADES DOS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN EN RELACIÓN CON OUTROS CURSOS

A experiencia deste novo curso confirma a valoración que presentamos nun traballo previo (Yebera e Membiela, 2009), ao que hai que engadir as novidades:

1. Este ano o profesor, aconsellado por un de nós que actúa como asesor, obrigou aos grupos a que, cada día dedicado a investigación, anotaran calquera cousa por pouco importante que semellara do que ocorrese durante o tempo de traballo así como a data para que no momento de redactar o informe non lles custara tanto o proceso de recordar
2. Nun dos grupos de diversificación participaba un rapaz de etnia xitana que sempre se mostrou disposto a axudar aos compañeiros do seu grupo e aos outros de Diversificación e poucas veces cobrou o material que proporcionou e que traía do postos da familia na feira (por exemplo os pratos para reter a auga dos xerminadores, comida para o hámster...) pero deixou o traballo e o curso cando faltaba un mes por problemas persoais e o seu grupo quedou so con dous membros. Este grupo non foi seleccionado entre os cinco finalistas do premio Luís Freire 2010.
3. Outro grupo de diversificación incluía a unha rapaza marroquí, MounaFathallah, con moitos problemas de comprensión e o principio non moi integrada no grupo de Diversificación e a outra, Lucía Blanco, con graves deficiencias psíquicas (timidez extrema, problemas na fala) e motrices (trisomía parcial do cromosoma 9, síndrome de Dandi Walker, osteoporose, hidrocefalia, perda condutiva do oído e unha minusvalía do 45%). Para o profesor foi un gran orgullo cando quedaran seleccionadas para a final do Premio Luís Freire 2010 e velas a todas expoñendo diante do xurado a parte que tiñan preparado cada unha, aínda que quedaran en quinto lugar.
4. O grupo do Castro de Baronceli xa non eran alumnos meus pois concedéranme o traslado a Xinzo da Limia. Xa o remate do curso 2008-09 estes alumnos de Verín e que foron alumnos meus de 3º da ESO comentaron que lles encantaría facer un traballo como os dos compañeiros de 4º da ESO e lles dixen que se puxeran en contacto pensando que sería unha cousa do momento por ter levado o primeiro no premio Luís Freire ese ano. Cal non sería a miña sorpresa cando me chamaron por teléfono para dicirme que si, que os inscribira pois querían facer unha investigación sobre a eficiencia das turbinas. Non tiven mais remedio que pasar por Verín e falarlles das normas do concurso e que resolveríamos a maior parte dos problemas vía Internet.
5. Por último o grupo que estudou a lei de Murphy, e só o facían os luns no recreo do mediodía, decidiron non so traballarían a parte experimental cas torradas senón ir mais aló facendo un estudo documentado sobre un corolario da lei conforme semella que chove mais nos fins de semana. Buscaron en internet unha páxina que se chama "www.tutiempo.net" e analizaron 37 anos (13468 días) separándoos en días de semana e días de fin de semana. Que vos parece?

REFERENCIAS

Yebera Ferro, Miguel A. e Membiela Iglesia, Pedro (2009). Valoración das investigacións científicas realizadas por estudantes de secundaria. *Boletín das Ciencias* 68: 135-137.